

Comunicación ás familias da decisión colectiva de non asistencia a clase por parte do alumnado.

Estimadas familias:

Dirixímonos a vós para comunicarvos que o día **8 de marzo** está convocada polo **Sindicato de Estudantes** unha folga estudantil feminista que afecta aos/ás vosos/as fillos/as, titorandos/as, salvo os/as que cursen 1º e 2º ESO. Acolléndose ao dereito de reunión, e celebrando a Xunta de delegadas/os no IES Chapela en data de 1 de marzo, o alumnado do Centro sumouse á decisión colectiva de non asistencia a clase para *amosar o seu rexeitamento á violencia machista e a necesidade de seguir loitando pola igualdade real entre mulleres e homes.*

O alumnado que apoie a decisión colectiva de non asistencia a clase, non acudirá ao IES Chapela no día sinalado para realizar ningunha actividade. Como en situación de normalidade académica, ningún alumno/a menor de idade poderá abandonar o IES Chapela sen a autorización pertinente. As faltas de asistencia do alumnado que se sume á decisión colectiva de non asistencia a clase, consideraranse xustificadas. O alumnado que non se sume a esta convocatoria ten o dereito e o deber de asistir ao Centro e recibirá clase normalmente. O profesorado proseguirá o desenvolvemento normal da materia. En ningún caso poderán realizarse exames, probas de avaliación ou recollida de traballos neste día, sempre e cando algún alumno ou alumna do grupo onde se vaian realizar ou entregar, participe na decisión colectiva de non asistencia.

Todo o alumnado menor de idade que participe desta decisión deberá contar cunha autorización da nai/pai ou titor/a cubrindo un modelo que lle foi entregado no centro ou que poderá recoller en conserxería e que entregará ao seu titor/a.

Chapela, a 6 de marzo de 2023

O Director



Antonio Bas Corujeira